



Este curso, dende a Anpa Ceip San Xoán de Becerreá, poñemos de novo en marcha o **Concurso de Fotografía en familia** na súa terceira edición. Invitámosvos a tod@s a participar neste concurso que, este ano, terá como temática: **A Reserva dos Ancares e a Vía Küning**.

Premiarase a fotografía que se adapte ás bases da convocatoria e sexa elexida polo xurado.

A continuación, deixámosvos as bases do concurso.

Bases:

TEMÁTICA

A temática desta segunda edición será: **A RESERVA DOS ANCARES E A VÍA KÜNING**. Buscar e mostrar imaxes nas que o protagonismo recaiga en escenas que inviten a valorar o noso entorno, a paz e a harmonía que nos aporta vivir lonxe das urbes. Así como a posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico da Vía Küning, da nosa Reserva da Biosfera (Navia de Suarna, Cervantes e Becerreá) e dar a coñecer a nosa comarca (Os Ancares), as súas vilas/aldeas, a súa biodiversidade e deste xeito resaltar o noso patrimonio inmaterial.

PRESENTACIÓN

Poderá participar no concurso **familias con cativada con idades comprendidas entre os 3 anos e ata os 12 anos.**

Presentaranse ao concurso un máximo de **TRES fotografías por participante**, en color ou B/N. No caso de enviarse máis fotografías, só se terán en contar as tres primeiras.

Plazo de presentación: ata o Xoves, 12 de Outubro de 2023 ás 21h.

Só se terán en conta as fotos que se reciban no mail indicado máis abaixo e na data e hora sinaladas anteriormente. A organización non se fai responsable de que por algún erro non se reciba algunha fotografía.

As fotografías deben ser entregadas en **formato dixital**:

- **Permítese** o retoque das mesmas cando sexa para aplicar filtros globais que melloren a súa calidade (brillo, contraste, saturación...)
- **Non** está **permitido** aplicar operadores globais para engadir ou eliminar elementos, mesturar varias fotos ou modificar a súa composición orixinal.
- Permítese o uso de HDR.

As fotografías, que han de ser **inéditas**, deben respectar os seguintes requisitos:

- Teñen que ser arquivos **JPG, JPEG o PNG**.
- O peso do arquivo debe de estar **entre un mínimo de 1Mb e 12 Mb**. Se non se cumpren os requisitos, a fotografía non será publicada.
- Non se aceptarán fotografías que polo seu contido poda considerarse que vulneren a legalidade vixente

PARA CONCURSAR:

Deberanse remitir as fotografías ao seguinte enderezo electrónico:

anpaceipbecerrea@gmail.com

Indicando en **ASUNTO: Concurso fotografía 2023**

E incluíndo no corpo os seguintes datos:

- Título da fotografía e localización
- Nome e apelidos do nen@
- Curso // Centro escolar
- Nome e apelidos do pai, nai ou titor legal.
- Teléfono de contacto



CATEGORIAS:

1) A Vía Küning etnografía e patrimonio cultural: imaxes de igrexias, capelas, casas emblemáticas,... ou instantáneas onde se capte a riqueza paixasística ou puntos de interese desta ruta pola da nosa comarca dos Ancares. Neste apartado se indentificará a ubicación para poder promocionar tanto a Vía como a zona onde se atope.

- Accésit de infantil
- Accésit de primaria I (*)
- Accésit de primaria II (**)

2) A nosa contorna: mostrar retratos que amosen a nosa riqueza paisaxística coma fotos das nosas vilas, aldeas, parroquias, panorámicas, montes, vales, comarca, etc.

- Accésit de infantil
- Accésit de primaria I (*)
- Accésit de primaria II (**)

3) A nosa flora e fauna: onde se captarán fotografías da abundante e variada riqueza botánica da Reserva dos Ancares Lucenses, así coma da fauna autóctona da mesma.

- Accésit de infantil
- Accésit de primaria I (*)
- Accésit de primaria II (**)

(*) Accésit de primaria I: 1º, 2º e 3º de educación primaria.

(**) Accésit de primaria II: 4º, 5º e 6º de educación primaria.

XURADO:

O xurado será designado pola xunta directiva da ANPA.

Estará composto por membros das diferentes organizacións ou institucións da nosa vila, así como por membros do equipo directivo e da Anpa e que non se presentasen ao concurso. Tamén haberá un voto popular (RRSS).

O xurado resérvase o dereito da interpretación das bases do presente concurso e a resolución dos casos non contemplados de acordo o seu criterio.

O fallo do xurado será inapelable.

A fotografía máis votada seleccionárase polo xurado e por votación popular. O xurado outorgará 7 puntos dos 10 puntos totais que pode optar cada foto, os tres puntos restantes serán adxudicados pola votación popular nas redes sociais da Anpa.

A fase de valoración do xurado será dende o ***luns 16 de Outubro de 2023 ata o sábado 21 de Outubro de 2023***. A fase de valoración do xurado popular será dende o ***luns 23 de Outubro de 2023*** ata o ***domingo 29 de Outubro de 2023 ás 21h***. A foto con máis "me gustas/likes" acadará os tres puntos, as seguintes 2.5 puntos, 2 puntos, 1.5 puntos, 1 punto e 0.5 puntos para o resto de fotografías.

PREMIOS:

Todo participante recibirá un diploma de participación.

A fotografía máis valorada será utilizada na cartelería da exposición, nas portadas das redes sociais da Anpa e recibirá **un premio familiar**. Os accésits terán un detalle acorde a súa idade.

OBSERVACIÓNS:

Os concursantes responsabilízanse totalmente de que non existen dereitos de terceiros sobre as fotografías presentadas facéndose responsables de calquer reclamación que puidera surxir por supostos dereitos de imaxe ou calquera outro dereito alegado por terceiros.

Todas aquelas fotografías que non cumpran algún dos requisitos establecidos nas presentes bases quedarán descalificadas.

Dereitos de imaxe e propiedade intelectual:

A presentación das fotografías supón a autorización do seu autor e dos seus representantes legais e a cesión dos dereitos de imaxe das mesmas con carácter gratuíto á Anpa do Ceip San Xoán (G-27303429) para o seu uso, reprodución ou difusión en exposicións, publicacións en páxinas web ou redes sociais e cos fins que se estimen convintes, citando ou non o nome do autor sexan ou non premiadas. Tamén se autoriza o uso fraccionada da imaxe se así se require ou a súa transformación en calquera soporte ou formato.

A mera participación neste concurso implica a total aceptación das bases reguladoras do mesmo.

Entrega de diplomas:

O fallo do xurado será publicado o martes 31 de Outubro de 2023. A data do acto de entrega de diplomas comunicárase ca debida antelación e a través das RRSS da Anpa. Tamén se comunicará aos participantes por mail, whatsApp ou vía telefónica a forma de entrega de diplomas.

Exposición fotográfica:

Coas fotografías recibidas organizarase unha exposición fotográfica que se inaugurará o martes 31 de Outubro de 2023. A entrada será de balde. A ubicación da mesma está prevista no Centro de interpretación dos Ancares Lucenses, sita na casa do Concello de Becerreá: Praza do Concello s/n. Será confirmado polos medios citados anteriormente.

Todos os actos estarán adaptados á situación sanitaria vixente en cada momento.